



## **Memoria explicativa**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro do ámbito competencial que a Xunta de Galicia ten atribuído en materia de fomento da cultura, vén realizando dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Fundación Vicente Risco ten como finalidade a custodia da documentación do intelectual e teórico do nacionalismo galego Vicente Risco e o seu fillo, impulsando actividades coa intención de profundizar naqueles aspectos que preocuparon a Vicente Risco, co desexo de ser un centro de dinamización cultural no que as diferentes manifestacións atopen un lugar de expresión e encontro.

Vicente Risco, escritor e intelectual do século XX, membro da xeración Nós, foi unha das figuras máis importantes e complexas da historia da literatura galega. A súa achega á literatura galega conformou as bases do nacionalismo galego e da nova narrativa galega e desenvolveu un labor fundamental a prol da recuperación e dignificación da cultura galega.

Para o ano 2018 a Fundación Vicente Risco ten previsto realizar as seguintes actividades :

### ***Exposición permanente – O Porco de Pé:***

O Porco de Pé, a primeira novela moderna de literatura galega, é unha das obras máis destacadas de Vicente Risco.

O Padroado da Fundación Vicente Risco acordou adquirir a obra do artista Xabier Varela, na que recrea diversas secuencias da novela.

### ***Exposición Permanente – Vicente Risco:***





A instalación da exposición sobre O Porco de Pé, obriga a redeseñar os espazos expositivos da Fundación.

Por tal motivo, vaise readaptar a exposición permanente sobre Vicente Risco e trasladala á entrada da Fundación.

Orzamento total das exposicións (deseño, execución e montaxe): 10.000 €

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representa a obra investigadora, ensaística, crítica, etnográfica e literaria de Vicente Risco e é a Fundación Vicente Risco a encargada da realización de exposicións e actividades das obras e obxectos persoais relacionados coa figura de Vicente Risco.

Polos motivos expostos, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprométese a entregarlle á Fundación Vicente Risco a cantidade de 10.000,00 €, como contribución para a realización das anteditas actividades culturais. Esta cantidade librarase con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.432B.781.1, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018, financiados con fondos propios, código de proxecto 201500372.

Santiago de Compostela, 1 de marzo de 2018

O secretario xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez.

